

4.1. **Introdución**

Nesta unidade 4 trataremos o uso dun vídeo na aula e as ferramentas existentes para a creación de vídeo, veremos algunhas propostas para as diferentes materias, coñeceremos algunha ferramenta para a edición de vídeos a xeito de montaxe de diapositivas e co manexo dalgún editor de vídeo.

Como dixemos nas anteriores unidades, hoxe en día, a concepción de que é un vídeo e que usos tiramos deles na aula cambiou moito nos últimos anos. Ademais dos propios materiais creados por editoriais, os documentais... facemos montaxes con imaxes, gif, audios e outros vídeos.

O uso do vídeo nas aulas como elemento motivador e creativo pasou do uso pasivo (visionar vídeos nun aparello reprodutor ou da rede como parte dunha actividade) ao activo (crear vídeos ou pequenos artefactos audiovisuais tanto profesorado como alumnado).

4.2. **Utilidade dos vídeos nas aulas**

Son moitas e concretas as utilidades para as que usamos un vídeo na aula. En todas as áreas e entre outras posibilidades este produto artefacto serve para:

- Dar entrada ou un final motivador a un tema.
- Sensibilizar sobre un tema.
- Explicación de procesos.
- Poñer/crear imaxe a un proceso ou concepto.

Área da audición e linguaxe:

- Aprendizaxe de vocabulario.
- Contos (didácticos, traballo de sinfóns...)
- Edición de pequenos vídeos co alumnado para procurar a motivación na corrección.

- Vídeos para a discriminación auditiva.
- Explicación de actividades (sopro, respiración...)

Área de ciencias sociais:

- Documentar unha visita.
- Dramatizar un concepto, unha situación histórica, o rol dunha personaxe histórica ou literaria...
- Entrevistar a unha personaxe de relevancia social próxima.
- Observar vídeos de cultural diferentes á nosa.
- Definir relacións espaciais.
- Converternos en guías turísticos.
- Realizar documentais sobre a zona: paisaxes, modos de vida...

Área de ciencias naturais:

- Explicación de procesos ou indagacións científicas.
- Mostrar experimentos de ciencias.
- Capturar datos visuais para a observación e análise para poñer imaxes a procesos de traballo: crecemento dunha planta, tempo atmosférico...
- Visualizar escenas de películas da ficción e lanzar hipóteses sobre se é posíbel que sucedan estas escenas.

Área de educación artística:

- Creación de composicións e dixitalización do material creado nas aulas de plástica.
- Gravación de audicións, concertos...
- Pequenos vídeos sobre como tocar un instrumentos.
- Descrición de creacións de obxectos, montaxes...
- Crear composicións musicais.

Área de educación física e psicomotricidade:

- Ilustrar conceptos e movementos.
- Selección de momentos para o desenvolvemento dunha deternimada actividade motriz de difícil comprensión ou execución.

-Análise de movementos feitos autoobservando as propias actividades físicas que realizan.

-Creación de vídeos ilustrativos co alumnado sobre técnicas de quecemento, orientación, regras básicas dun deporte...

Áreas de lingua e literatura:

-Poñer subtítulos a vídeos.

-Facer presentacións, entrevistas, formular debates...

-Recomendacións de lecturas.

-Traballar con material e información real: telexornais, documentais, conversas...

-Gravar poemas.

-Converternos en guías turísticas: os nomes das nosas rúas, rutas literarias,

-Contrastar textos literarios con adaptacións ao cinema ou á televisión.

-Dramatizar un concepto, unha situación histórica, o rol dunha personaxe literaria...

-Entrevistar a unha escritora ou a un escritor...

-Facer un "Lip Dub"

Área de matemáticas:

-Análise de resolución de problemas ou exercicios.

-Captar conexións entre relacións matemáticas.

-Exemplificar aplicacións das matemáticas ao mundo real.

-Observar vídeos que presenten contextos de contidos ou conxeturas matemáticas: ángulos, figuras xeométricas...

Para todo iso podemos crear as nosas canles, a través dos diferentes repositorios existentes na rede (youtube, vimeo...).

3 Como organizar o noso material para a creación de vídeos

Antes de crear un vídeo cómpre ter unha liña argumental, un fío condutor do que vai ser a nosa creación. O fío condutor pode ser sinxeliño, metafórico, creativo... todo depende do noso traballo e da intencionalidade.

Á hora de ir creando vídeos imos ir facéndonos con un fondo considerábel de imaxes, audios, vídeos... para iso cómpre pensar un modelo de organización. Hoxe en día, son moitas as posibilidades que temos de gardar estes arquivos sen ocupar moito espazo mais sempre de xeito responsábel e ecolóxico: na nube (dropbox, repositorios de vídeo...), no noso computador ou en dispositivos extraíbeis (disco duros externo, USB...).

Aínda así, desde o comezo debemos darlle forma á nosa biblioteca dixital e aos nosos andeis de arquivos. Non existe ningunha fórmula máxica e todo vai depender dos nosos xeitos de traballo. Podemos organizar os materias:

-En carpetas de proxectos: cada proxecto coa súa carpeta. Na carpeta gardaremos todo tipo de arquivos. Á hora de crear un vídeo sempre iremos á mesma carpeta.

-En carpetas por tipos de arquivos: cando xa comezamos a ter un fondo de arquivos considerable este sistema é bastante operativo. Para describir o tipo de arquivos por contido (por exemplo) podemos crear un tipo de nomenclatura para os proxectos.

Por exemplo na materia de ciencias naturais para a unidade1 creamos unha serie de recursos para a posterior edición [unidade1cn_planta01.jpg]
[unidade1cn_descricionplanta.mp3.]. Estes recursos están nas carpetas do seu tipos de arquivo [imaxes, vídeos, mp3, fotografías...] mais sempre as vou ter localizadas pola nomenclatura da temática.

Estas carpetas posteriormente son susceptíbeis de ser agrupadas por datas, contidos xerais... para o seu almacenamento.

O tempo tamén nos fará crear o noso sistema de xestión de recursos.

4.4. Creación de vídeos a través de editores de presentacións de imaxes

A chegada do uso de presentacións dixitais ás aulas veu da man da socialización dos editores comerciais de presentacións dixitais: powerpoint, impress... e dos repositorios existentes na rede: slideshare, scribd... Todo isto, obrigounos a codificar as mensaxes dun novo xeito: frases curtas, tamaño dos textos e a seleccionar, organizar e xerarquizar a información. Esta configuración tiña como previo saber que finalidade lle queríamos dar e cal era o público obxectivo (alumnado, presentacións de aula entre iguais ou para a docente...).

A edición dos vídeos pasa por o mesmo proceso: un guión, un deseño gráfico (imaxes, iconografía...)

Picovico

Picovico é unha ferramenta que nos permite crear vídeos con fotografías ou imaxes. Permítenos engadir textos a cada unha e música de fondo. Para crear os nosos vídeos cómpre rexistrarse e permite até 30 fotos.

É unha ferramenta interesante para presentacións de saídas didácticas, actividades de clase realizadas polo alumnado, presentacións do alumnado con imaxes, edición dun conto... Resulta intuitiva para o manexo do alumnado.

Podemos inserila nos nosos blogs ou páxinas web co código embebido que proporcionan e compartilas nas redes sociais.

Photopeach

Photopeach é unha ferramenta para crear presentacións con vídeos, texto e música. Presenta un manexo sinxelo e un resultado óptimo. Podemos visualizalo en forma de película. Cómpre rexistro.

Esta ferramenta permítenos engadir as nosas imaxes, música, escribir subtítulos (centrados ou na parte inferior), crear preguntas en cada diapositiva (Quiz) en até 30 diapositivas. Tamén podemos modificar a velocidade do pase das diapositivas.

Igual que *Picovico* tamén podemos inserila nos nosos blogs ou páxinas web co código embebido que proporcionan e compartilas nas redes sociais.

Permítenos contar historias, crear cuestionarios atractivos,

4.5. Editores de vídeos on-line.

Ademais do software para grauíto que nos ofrecen os distintos sistemas operativos Moviemaker, iMovie... para a edición de vídeos existen outros editores de vídeo contamos cun número xeitoso de editores de vídeo en rede. A maior parte deles períteneos editar vídeos en liña para crear pequenos proxectos con títulos de aparencia profesional, transicións, efectos, animacións, música e narracións.

Youtube

Até o de agora coñeciamos a Youtube como respositorio de vídeos. Despois de crear a nosa conta en gmail xa temos a opción de subir vídeos, gravar, subir imaxes e editar un vídeo. Todo isto, cunha interface intuitiva e amigable. Nestes editores debemos crear unha conta, previamente, aínda que moitas veces podemos acceder coa de gmail ou a de redes sociais.

Wevideo

Wevideo é outro editor de vídeos online que ademais permite editar de forma colaborativa. Permítenos publicar en diferentes redes como Youtube ou google drive.

Na versión libre permítenos até 1 GB de almacenamento. Para a realización da tarefa desta unidade usaremos este editor por ser moi intuitivo e recoller as ferramentas que conteñen a maior parte dos editores de vídeo.

Creaza

Creaza é un editor que nos permite subir vídeos desde o ordenador, engadir elementos á liña do tempo, recortar e engadir efectos aos clips do vídeo, engadir transicións, sons... Permítenos subir a conta ao Youtube ou gardala na nosa conta de Creaza.

Video Toolbox



Este é un editor que nos permite procesar vídeos de ata 600 MB. Ademais, transfór, a os ficheiros entre todos os formatos de vídeo populares, permite facer cortes de vídeos, permite descargar arquivos doutros sitios web, extrae audio, vídeo ou texto a partir dun ficheiro...